

Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****SOUTOMAIOR****Subvencións e axudas*****APROBACIÓN DEFINITIVA PROGRAMA DE XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS DO
CONCELLO DE SOUTOMAIOR******ANUNCIO***

Aprobación definitiva Programa de Xestión de Colonias Felinas do Concello de Soutomaioir.

Rematado o prazo de exposición pública sen que se presenten alegacións ao anuncio de aprobación inicial, mediante Decreto da Alcaldía n.º 2026-0476, de data 24/04/2026, aprobouse definitivamente o Programa de Xestión de Colonias Felinas seguinte:

PROGRAMA MUNICIPAL DE XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS**INTRODUCCIÓN**

A Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais establece, no seu artigo 39, que recae nas entidades locais a xestión dos gatos comunitarios, a cuxos efectos deberán desenvolver Programas de Xestión de Colonias Felinas.

Os Programas de Xestión de Colonias Felinas buscan fomentar a colaboración coa cidadanía e entidades de protección animal, o control sanitario das poboacións, o establecemento de protocolos de actuación e plans de control poboacional; a implementación de campañas de formación e información á poboación.

Segundo a citada lei considérase unha colonia felina, a un grupo de gatos da especie *Felis catus*, que viven en estado de liberdade ou semiliberdade, que non poden ser abordados ou mantidos con facilidade polos seres humanos debido ao seu baixo ou nulo grao de socialización, pero que desenvolven a súa vida ao redor destes para a súa subsistencia.

O Concello de Soutomaioir desenvolve o control das colonias felinas de maneira coordinada cos voluntarios e voluntarias que así o soliciten, mais a súa necesaria xestión e control, xustifican a redacción do presente Programa dando así cumprimento co citado artigo 39.



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

ARTIGO 1. OBXECTO

O obxecto do presente Programa é regular as condicións e normas de desenvolvemento da xestión de colonias felinas, así como fomentar a participación voluntaria dos cidadáns implicados no coidado e alimentación dos gatos, co fin de garantir a protección e benestar dos animais.

Para iso, adoptaranse as medidas necesarias, en función dos recursos dispoñibles do Concello, podéndose establecer convenios de colaboración con calquera entidade que puidese participar nas cuestións previstas no presente Programa.

ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente Programa é de aplicación no ámbito territorial do Concello de Soutomaior, e será de aplicación en tódalas colonias felinas do municipio así declaradas.

Os gatos procedentes de particulares, nin as colonias felinas de particulares, non serán obxecto de xestión por esta Administración, unicamente, no caso de que se trate de gatos abandonados ou perdidos o Concello procederá á busca do propietario responsable ou, en caso infrutuoso, de casa de acollida ou adopción.

ARTIGO 3. XESTIÓN DAS COLONIAS FELINAS

Tal e como establece o artigo 3.w) da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, enténdese por xestión de colonias felinas o procedemento normalizado, acorde ao desenvolvemento regulamentario establecido pola administración competente, mediante o cal un grupo de gatos comunitarios non adoptables, son alimentados, censados e sometidos a un programa sanitario e de control poboacional CER, controlando a chegada de novos individuos.

A xestión das colonias felinas consiste na captura e control sanitario de gatos, a súa esterilización, marcaxe e retorno á súa colonia de orixe, mediante o método CER (como o método de xestión que inclúe a Captura, Esterilización e Retorno de gatos comunitarios a través de medios non lesivos para os animais), seguindo as condicións e pautas que se lles indiquen, coa intervención dun profesional veterinario colexiado.

O método CER permite:

- a) Mellorar o benestar dos gatos ao diminuír o estrés dentro do grupo.
- b) Controlar a agresividade entre gatos.
- c) Baixar a prevalencia de enfermidades infecciosas.
- d) Deter o crecemento exponencial da poboación debido á presenza de gatos sexualmente activos.



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

ARTIGO 4. AS COLONIAS

As colonias felinas crearanse de oficio ou a solicitude dunha persoa interesada, seguindo o procedemento establecido deseguido. O obxecto deste procedemento, é definir os criterios e condicións que se deberán cumprir para a xestión mediante o método CER das colonias felinas de Soutomaior:

a) Os cidadáns interesados na autorización dunha nova colonia felina deberán presentar a solicitude que se anexa (ANEXO I) a este documento debidamente cumprimentada no rexistro do Concello de Soutomaior .

b) O Concello de Soutomaior, á vista da solicitude formulada ou da denuncia ou informe dos Servizos Municipais ou doutra administración, analizará o suposto, visitará a localización e consultará o que vexa conveniente para resolver o expediente.

c) A concellería competente emitirá un informe xustificando a autorización ou non de dita colonia.

d) A autorización da colonia efectuarase por resolución do órgano municipal competente.

A resolución incluírá o número de colonia asignado e os/as voluntarios/as designados/as para o seu coidado, mínimo un. Os/as voluntarios/as deberán actuar segundo este protocolo baixo a supervisión do/a coordinador/a xeral do municipio.

Requisitos para o establecemento de colonias felinas:

- Con carácter xeral as colonias poderán estar situadas nalgún dos seguintes espazos:
 - Vías e espazos públicos.
 - Solares e descampados de titularidade municipal.
 - Calquera localización de dominio público ou privado*.

*Cando a localización sexa un espazo privado será imprescindible a autorización expresa do propietario do terreo (ANEXO IV) para acometer as actuacións a realizar na colonia. Non se poderá levar a cabo actuación algunha sen a mencionada autorización que será conservada pola concellaría competente.

- Cos obxectivos de saúde pública e de protección animal, en ningún caso se autorizará a creación dunha nova colonia:
 - nas instalacións de colexios, institutos ou centros docentes.
 - nas instalacións de centros sanitarios (centros de saúde, hospitais e clínicas).
 - nas instalacións de centros deportivos.
 - en parques infantís.
 - nas instalacións dos centros de compostaxe comunitaria.
 - en zonas especialmente habilitadas para cans.
 - en terrazas de restaurantes e/ou bares e cafeterías.



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

- na proximidade de vías rápidas de tráfico rodado, ou de vías de tráfico rodado moi intenso.
- en vivendas particulares.
- Acondicionamento das colonias: As novas colonias acondicionaranse retirando o lixo acumulado como consecuencia directa da colonia (restos de alimento, defecacións, outros desperdicios, sempre derivados da presenza de gatos) e habilitaranse as zonas de alimentación (bebedeiros e comederos) segundo o volume da colonia. Os puntos de alimentación serán controlados polo concello, non se modificará a situación sen a autorización da Concellería competente.

ARTIGO 5. PROGRAMA SANITARIO E DE ESTERILIZACIÓN

De conformidade co artigo 38.2 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, procederase á esterilización cirúrxica de tódolos gatos da colonia, tanto femias como machos, mediante a intervención de veterinario habilitado para esta práctica.

O artigo 3.s) da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais define a esterilización como o método clínico practicado por profesionais veterinarios colexiados polo cal se realiza unha intervención cirúrxica ou medicamentosa sobre o animal co obxectivo de evitar a súa capacidade reprodutora.

CAPTURA

Co obxecto de proceder á debida esterilización así como a outros tratamentos necesarios os animais deben ser capturados. A captura realizarase mediante trampeo. As trampas consisten en gaiolas de contención que se instalarán nunha superficie chan de estancia habitual dos animais e con alimento no seu interior; a alimentación habitual será suspendida 24-36 horas antes da captura. Realizada a captura, a gaiola cubrirase cunha tea opaca minimizando así o estrés do animal.

Os gatos levaranse ao centro de referencia concertado co Concello de Soutomaior dentro do horario estipulado e previo coñecemento do veterinario/a.

ESTERILIZACIÓN

O centro de referencia, mediante facultativo autorizado, procederá á esterilización de tódolos gatos trasladados. A esterilización dos felinos prepúberes realizarase aproximadamente aos 4 meses de vida, en todo caso, e segundo o recollido na lei, realizarase a intervención antes dos 6 meses de idade.

A esterilización ten que ser realizada por un facultativo colexiado cunhas garantías técnicas que aseguren a inocuidade do procedemento. Xunto coa esterilización procederase á identificación mediante microchip e á marcaxe auricular dos gatos. Extirparase o cuarto superior esquerdo da orella das femias e o dereito da orella dos machos.



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

Os/as voluntarios/as da colonia do animal esterilizado serán os encargados de vixiar o seu estado de saúde durante o postoperatorio, en caso de observar calquera anomalía, deberá comunicalo ao/á coordinador. O/a coordinador/a encargarse do problema e xestionará o traslado do animal ao centro onde se realizou a esterilización para o seu tratamento.

DESPARASITACIÓN

Así mesmo, no momento da esterilización, procederase coa desparasitación de tódolos gatos capturados cun antiparasitario de amplo espectro para parasitos internos e externos.

O Concello de Soutomaior ten subscrito convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra, dende maio de 2024 para a esterilización, microchipado e desparasitación dos gatos das colonias felinas municipais.

IDENTIFICACIÓN

A todos os gatos das colonias seralles implantado un microchip identificador no momento da esterilización. O microchip rexistrarase a nome do Concello no REGIAC.

ASISTENCIA SANITARIA.

Cando se reciba o aviso da existencia dun gato ferido ou nun estado que faga sospeitar que non presenta un bo estado de saúde, trasladarase o aviso aos voluntarios para que o trasladen ao centro veterinario de referencia para a súa identificación, valoración, tratamento ou, no caso de extrema gravidade, aplicación de eutanasia.

Para a recollida empregaranse os métodos necesarios que non danen ou poidan empeorar o seu estado, trasladaranse nun transportín ou gaiola cuberta cunha manta para reducir o estrés.

O veterinario colexiado do centro de referencia será quen decida a mellor maneira de proceder, velando por unha xestión ética e responsable de benestar animal.

O Concello asumirá os custes da clínica veterinaria coa que se concerte a asistencia; os voluntarios serán coñecedores da mesma e, se decidiran acudir a unha clínica non concertada, o Concello de Soutomaior non asumirá os custes asociados.

No caso de que poida ser identificado o propietario (mediante a lectura do microchip ou outros medios) será o responsable de recoller o animal e asumir os custes relacionados.

EUTANASIA

No caso de precisar inducir a morte dun felino realizarase mediante eutanasia (morte provocada por medio de valoración e intervención veterinaria e métodos clínicos non crueis e indoloros, co obxectivo de evitarlle un sufrimento inútil, consecuencia dun padecemento severo e continuado sen posibilidade de cura, certificado por un veterinario colexiado), prescrita e realizada por persoal profesional veterinario colexiado, de xeito rápido e indoloro, aplicándose sempre sedación e mediante métodos que impliquen o mínimo sufrimento e provoquen unha perda de consciencia inmediata.



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

ANIMAIS FALECIDOS

No suposto de falecemento dun gato da colonia, procederase á súa retirada dando aviso á concesionaria de xestión de residuos.

No caso de que se dean falecementos que fagan sospeitar que as causas son debidas a intoxicacións provocadas por terceiros darase aviso á Policía Local que investigará os feitos e determinará as causas e causantes. En consecuencia, tomaranse as medidas oportunas establecidas pola normativa respectiva.

ARTIGO 6. IDENTIFICACIÓN E REXISTRO

De conformidade co artigo 38.2 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, os gatos serán identificados, no momento da súa captura, esterilización e marcaxe, mediante microchip, rexistrados baixo a titularidade do Concello.

Os datos relativos aos gatos da colonia serán incluídos nun rexistro creado para o efecto, que deberá recoller os seguintes aspectos:

- Colonia de procedencia
- Data captura, esterilización, marcaxe e solta.
- Avaliación sanitaria: estado xeral, existencia de parasitos, etc.
- Imaxe fotográfica de identificación do gato ou descrición física do animal.
- Localización da marcaxe auricular.
- Outras observacións.

ARTIGO 7. ALIMENTACIÓN

Os felinos serán alimentados mediante a colocación dun número adecuado e proporcional de comedeiros e bebedoiros, estancos, distribuídos en varios puntos discretos, de baixo impacto visual.

Evitarase a subministración de alimento preto de centros docentes, centros sanitarios, parques infantís, centros de compostaxe comunitaria, solares ou vivendas particulares, restaurantes e/ou bares e cafeterías ou na proximidade de vías de tráfico continuo ou intenso.

Os gatos deben ser alimentados con penso seco. O penso húmido poderá ser fornecido para a súa captura ou para tratamentos sanitarios. O alimento se depositará nos comedeiros, nunca no chan e os restos de alimento limpanse, se é posible, diariamente, co fin de evitar riscos sanitarios.

A subministración de alimento e auga realizarase diariamente, na cantidade necesaria para o número de gatos da colonia.



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

Estímase unha cantidade necesaria de 60g/día/gato, pero determinarase a cantidade fornecida atendendo á seguinte regra: se a ración consómese nun tempo inferior a quince minutos, deberase aumentar a cantidade de alimento; se, pola contra, a ración fornecida permanece por tempo superior a unha hora, a ración deberá reducirse.

ARTIGO 8. MANTEMENTO E LIMPEZA DA CONTORNA

Manterase a correcta limpeza das zonas de alimentación, eliminación e refuxio.

As zonas de alimentación deben manterse limpas, sen restos de comida, lixos ou outros. Os recipientes onde se dispensa comida e auga deben ser lavados e desinfectados, e ser substituídos convenientemente cando o seu estado de conservación así o aconselle.

DESINFECCIÓN DAS COLONIAS

- O Concello de Soutomaior procederá á desinfección das localizacións das colonias felinas por medios propios ou externos cando sexa necesario e así veña determinado pola Concellería competente ou os servizos técnicos municipais.
- O Concello de Soutomaior poderá conveniar cunha entidade pública ou privada competente o control de dermatofitos (tiña) nas colonias felinas. Consistirá na mostraxe dos gatos das colonias para o cultivo de dermatofitos.

ARTIGO 9. PERSOAS COIDADORAS DAS COLONIAS FELINAS.

Terán a consideración de persoas coidadoras de colonias felinas ou voluntarios/as as persoas, colectivos ou asociacións que, de acordo cos termos que se describan, se comprometan a ocuparse do coidado e atención dos animais.

O artigo 3.p) da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais define a persoa coidadora de colonia felina como aquela que, debidamente autorizada, atende aos gatos pertencentes a unha colonia, seguindo un método de xestión de colonias felinas, sen que poida considerarse persoa titular ou responsable dos gatos da mesma.

As persoas que, de maneira voluntaria, desexen comprometerse co coidado e atención dos gatos das colonias felinas, deberán presentar solicitude de persoa coidadora autorizada no correspondente rexistro do Concello (ANEXO II).

Crearase un rexistro de persoas coidadoras autorizadas e proporcionaráselles un elemento identificador (carné ou similar determinado pola concellería responsable).

Calquera persoa coidadora de colonias felinas poderá cesar en calquera momento por decisión propia, debéndoo comunicarllo ao Concello cunha antelación mínima de 3 días e facendo entrega do elemento identificador no rexistro municipal.



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

O incumprimento reiterado das súas obrigas ou do previsto no presente Programa, ou se do mesmo se derivasen prexuízos graves para a adecuada xestión das colonias felinas, dará lugar á perda da condición de persoa voluntaria. A separación do voluntariado acordarase previa instrución do procedemento pertinente.

As persoas coidadoras recibirán indicacións sobre o control, a xestión e o seguimento de colonias felinas por parte do persoal competente.

Unha vez autorizado e debidamente inscrito no rexistro poderá comezar a exercer a súa labor de voluntariado.

Funcións ou tarefas dos voluntarios/as

Ás persoas coidadoras de colonias felinas asignaráselles unha colonia ou varias e as súas funcións, coas que se compromete e deberá cumprir, serán as seguintes:

- Usar o elemento identificador como voluntario acreditado durante o desenvolvemento da súa labor.
- Subministrar auga limpa e fresca aos gatos da colonia.
- Subministración controlada de alimento adecuado, (Artigo 7: Alimentación).
- Non alimentar ás colonias cando o/a coordinador/a o indique para facilitar a captura de animais.
- Depositar o alimento nos comedeiros. Os recipientes de comida e/ou bebida colocaranse, sempre que sexa posible, escondidos en áreas de vexetación, no mesmo lugar. Sempre en lugares apartados do acceso doutros cidadáns que poidan dar alimento aos gatos sen control.
- Limpar periodicamente as zonas destinadas á alimentación e ás deposicións. En todo caso, deberá evitarse ensuciar as vías e os espazos públicos.
- Capturar os animais para o seu rexistro, desparasitación, esterilización e marcaxe.
- Solta dos mesmos, unha vez rexistrados, desparasitados, esterilizados e marcados.
- Observar o estado dos gatos os días posteriores á esterilización. O/a coordinador/a será o/a encargado/a de informar a que gatos se debe facer seguimento.
- Comunicar ao/á coordinador/a o movemento (altas/baixas) de animais mediante o rexistro do ANEXO III coa maior brevidade posible.
- Informar ao Concello sobre calquera problema ou incidencia na colonia coa maior brevidade posible. Incluindo aquí as situacións de ausencia temporal dos/as voluntarios/as o máis rápido posible. Calquera ausencia comunicarase cun prazo mínimo de 3 días.
- Manter unha actitude amable e de respecto fronte aos veciños, outros/as voluntarios/as, coordinadores/as, entidades colaboradoras, funcionarios e profesionais que traballan no proxecto CER.
- Comunicar o cese como voluntario/a á concellería responsable cunha antelación mínima de 3 días.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: LG0DEC24W2C93U83



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

- Cumprimento do presente Programa ou as súas posibles modificacións.
- En ningún caso se negarán á esterilización dos gatos da colonia, a negativa suporá a inmediata suspensión da autorización como persoa coidadora de colonias felinas.

Funcións ou tarefas dos coordinadores/as

Os coordinadores terán as seguintes obrigas específicas:

- Coordinar as tarefas dos voluntarios/as da colonia
- Informar ao servizo técnico competente das incidencias relativas ao estado e xestión da colonia.
- Repartir as doazóns entre os/as voluntarios/as.
- Colaborar coas capturas.
- Levar un control de migracións de gatos en todo momento e comunicalo ao servizo técnico competente.
- Encher a ficha de identificación de cada un dos animais que compoñen as colonias e dos que aparezan novos.
- Comunicar a baixa dun animal mediante o ANEXO III coa maior brevidade posible.
- Estar en contacto directo coa concellería competente.
- Xestionar as colonias e coordinar aos/as voluntarios/as das devanditas colonias.
- Mediar entre os/as voluntarios/as e o Concello para transmitir queixas ou problemas que non teñan competencia de resolver.
- Controlar que os/as voluntarios/as actúen segundo se expón neste protocolo.
- Xestionar que os animais sexan trasladados das colonias aos centros veterinarios colaboradores en cada momento e devoltos posteriormente á súa colonia de orixe ou sexan postos en adopción, se se trata de animais domésticos. Desta forma levarán un control de migracións e esterilizacións en todo momento.
- Levar un rexistro actualizado da poboación de gatos urbanos das colonias do Concello de Soutomaior.
- Responsabilizarse das gaiolas de contención e captura que o Concello outorgará aos/as capturadores/as cando sexa necesario e sempre cun rexistro de entrada e saída de material.
- Comunicarse de forma continuada cos/as voluntarios/as das zonas para xestionar as capturas nas colonias que sexa máis necesario.
- Capturar os animais das colonias que indiquen os/as voluntarios/as de cada zona, ben para a súa esterilización ou ben para trasladalos a un centro veterinario. Os animais serán trasladados en todo momento en gaiolas de contención cubertas por unha tea opaca de forma que se evite ao máximo posible o estrés dos animais.
- Empregar a acreditación autorizada polo Concello de Soutomaior durante o desenvolvemento do seu labor.



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

- Comunicar aos/ás voluntarios/as os animais que foron capturados para a súa esterilización e do momento da solta na colonia para o seu seguimento.
- Desinfectar as gaiolas entre captura e captura para evitar diseminar enfermidades entre colonias.
- Cumprir calquera proposta nova ou modificación do actual programa de xestión de colonias felinas.

ARTIGO 10. ADOPCIÓN DE GATOS SOCIALIZADOS

No caso de aparición dun gato novo na colonia cuxo comportamento é claramente o dun gato doméstico socializado ou un de curta idade con posibilidade de socializarse, estes poderán darse en adopción no caso de ausencia de microchip e de que non fora posible localizar aos propietarios.

Os devanditos animais poden atoparse nas seguintes situacións:

- Gatos abandonados ou perdidos: deberase tentar por todos os medios atopar ao seu propietario/a, ler microchip se o houbese, colocar carteis, preguntar a veciños, etc. En caso de non atopar ao seu propietario/a o animal pasará a adopción.
- Gatos nados na colonia: estes animais poderanse entregar en adopción sempre que non superen as 8 ou 9 semanas de forma que sexa posible a súa socialización. Non deberán separarse da súa nai ata estar destetados. *

Actualmente no Concello de Soutomaior non existen entidades dedicadas á protección e defensa dos animais, de existir no futuro estudarase a posibilidade de chegar a acordos para a acollida temporal dos gatos socializados, e nunca dos ferais, ata que apareza o dono orixinal ou ata que se lle atope un novo fogar.

Como consecuencia do anterior, os gatos potencialmente adoptables serán entregados ás casas de acollida de carácter temporal que se presten voluntarias para a labor. Estas acollidas xestionaranse en colaboración cos voluntarios, e deberán documentarse por escrito no acordo denominado “Casa de Acollida” xestionado a través da concellería.

**Os/as voluntarios/as difundirán a través de redes sociais e outros posibles medios os gatos dispoñibles para adopción.*

ARTIGO 11 MAPEO E CENSO DAS COLONIAS

As persoas coidadoras de colonias felinas realizarán un seguimento, supervisión e control da colonia asignada. Así mesmo, realizarase un control da inmigración, co fin de detectar a incorporación de novos animais, para a súa posterior captura, esterilización e solta. Os distintos movementos (altas e baixas) no número de gatos recolleranse mediante o rexistro de animais, co que se controlará o censo das colonias felinas.



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

- Censo de animais. Para o control da poboación de gatos nas colonias felinas de Soutomaior, os/as coordinadores/as deberán levar un rexistro (ANEXO III) de todos os animais de cada colonia. Recompilarán os datos que lle proporcionen os/as voluntarios/as. No rexistro incluíranse tódolos movementos de animais; os animais iniciais, os animais novos (abandonados, perdidos ou nados), cales foron esterilizados, cales se deron en adopción ou se entregaron ao seu propietario e cales faleceron. Ademais existirá unha ficha de identificación individual por cada felino que deberá encherse de forma completa e incluírá unha fotografía do animal para maior control da poboación.

O rexistro e as fichas serán trasladados á Concellería coa competencia de Protección Animal que se encargará de elaborar un censo para controlar a eficacia do proxecto CER. O censo atoparase actualizado en todo momento.

Segundo as indicacións anteriores, o Concello de Soutomaior leva a cabo o censo actualizado das colonias felinas do termo municipal. Actualmente este censo recolle un total de 29 colonias rexistradas das que forman parte 189 gatos, restando por esterilizar 35.

O censo reúne os datos xerais e específicos para cada colonia que se mostran deseguido:

Táboa 1. Información xeral recollida no censo municipal.

Colonia (nº)	Localización	Alimentador	DNI	Tlfn	Nº machos	Nº femias	Sen esterilizar	Total
--------------	--------------	-------------	-----	------	-----------	-----------	-----------------	-------

Táboa 1. Información específica de cada colonia recollida no censo municipal.

Nº microchip	DATA (Esterilización)	Inscripción no REGIAC e expedición do pasaporte (data)	Marca auricular	Desparasitación	Vacinación	Test	imaxe
--------------	-----------------------	--	-----------------	-----------------	------------	------	-------

ARTIGO 12.- OBRIGAS DOS CIDADÁNS

En virtude do artigo 41 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, as persoas na súa convivencia natural coas colonias felinas, deberán respectar a integridade, seguridade e calidade de vida dos gatos, así como as instalacións de comida e refuxio, propias do programa de xestión de gatos comunitarios.

As persoas alleas á xestión das colonias felinas, sen a preceptiva autorización como voluntario/a coidador, non poderán en ningún caso alimentar aos animais e/ou modificar as instalacións habilitadas ou trasladar os recipientes de comida/bebida ou elementos de descanso. No caso de querer colaborar con estas actuacións deberán presentar o ANEXO II de solicitando converterse nunha persoa coidadora autorizada.

As persoas titulares ou responsables de cans deberán adoptar as medidas necesarias para evitar que a presenza destes poida alterar ou poñer en risco a integridade das colonias felinas e dos gatos comunitarios, así como dos recursos destinados aos mesmos.



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

ARTIGO 13.- PROHIBICIÓNS

O artigo 42 da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, establece que quedan prohibidas, en relación coas colonias felinas, as seguintes actuacións:

- O sacrificio dos gatos, excepto por motivos de sanitarios. O sacrificio será debidamente determinado, realizado e certificado por un profesional veterinario colexiado.
- O confinamento dos gatos non socializados co ser humano en centros de protección animal, residencias ou similares, salvo, as actuacións necesarias nos procesos de intervención de animais das colonias para o seu tratamento ou recolocación.
- O abandono de gatos nas colonias, sexa cal for a súa procedencia.
- A solta de gatos en colonias distintas á propia de orixe.
- O aproveitamento cinexético dos gatos.
- A retirada de gatos da súa colonia, coas seguintes excepcións:
 - a) Gatos enfermos que non poidan seguir valéndose por si mesmos na súa contorna e territorio habituais. Nestes casos valoraranse por un profesional veterinario as opcións máis adecuadas para o gato, antepoñendo sempre os criterios de calidade de vida do animal.
 - b) Gatos totalmente socializados co ser humano que vaian ser adoptados.
 - c) Cachorros en idade de socialización que vaian ser adoptados.
- A recolocación ou o desprazamento de gatos, coa excepción dos gatos cuxa localización en liberdade:
 - a) Sexa incompatible coa preservación da súa integridade e a súa calidade de vida.
 - b) Supoña un impacto negativo para as condicións de biodiversidade en espazos naturais protexidos.
 - c) Supoña un impacto negativo para a fauna protexida.
 - d) Supoña un risco contra a saúde e a seguridade das persoas.

As accións de retirada para a recolocación ou desprazamento noutro espazo preservarán o benestar dos gatos comunitarios e as colonias felinas e realizaranse baixo supervisión veterinaria e previo informe preceptivo do servizo técnico competente en materia de medio ambiente, que velarán pola reubicación da colonia nun lugar compatible, segundo as situacións descritas nas letras a), b) e c), xustificarase a necesidade de retirada ou desprazamento e valoraranse e planificarán as opcións máis adecuadas para os gatos. No caso da letra d), a valoración da situación descrita realizaraa o órgano competente na materia.

ARTIGO 14.- FUNCIÓNS DO CONCELLO

Corresponden ao Concello as seguintes funcións:

- Xestionar a creación de novas colonias felinas.



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

- Distribuír as colonias por zonas e recolocar as que sexa necesario baixo o criterio do servizo técnico competente.
- Autorizar ou denegar as solicitudes de persoas coidadoras.
- Informar e formar as persoas coidadoras de ser necesario.
- Asignar as persoas coidadoras a cada colonia.
- Dotar aos/as voluntarios/as do elemento identificador como voluntario/a (por exemplo carné ou chaleco identificador, a determinar pola concellería responsable).
- Definir e establecer os programas de captura, asignando os equipos capturadores que deban realízalos.
- Distribuír as cotas de esterilizacións.
- Redactar contratos/convenios con entidades competentes para a realización das esterilizacións do proxecto CES.
- Fornecer e distribuír as doazóns de alimento (penso seco) e de tratamentos preventivos de desparasitación entre os/as voluntarios/as.
- Realizar inspeccións ás colonias felinas.
- Manter actualizado o Censo de colonias felinas.
- Dotar de seguro de responsabilidade civil as persoas coidadoras.
- Fomentar a participación cidadá na xestión de colonias felinas, a través de formación e información cidadá.
- Velar polo cumprimento deste programa.
- Resolver os conflitos que se poidan suceder.

Calquera queixa emitírase por escrito dirixido á concellería competente, quen actuará en consecuencia. Non se admitirán queixas verbais.

ARTIGO 15.- CONFLICTOS VECIÑAIS.

As queixas ou malestar dos/as veciños/as relacionados coas colonias felinas deberán ser expostas por escrito, dende o Concello de Soutomaior tomananse en consideración para a toma das decisións oportunas buscando minimizar na medida do posible tódolos conflitos veciñais que poidan xurdir, atendendo sempre aos problemas que se detecten de benestar animal e de risco para a saúde pública.

A/O Concelleira/o responsable tomará a figura de mediador na resolución dos conflitos e primará o criterio técnico por riba de intereses persoais individuais.

ARTIGO 16.- VIXENCIA DO PROGRAMA

O contido do presente Programa permanecerá en vigor durante o período de 4 anos, entendéndose prorrogado automaticamente se concluído o prazo de vixencia non fose aprobado outro que o substitúa.



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

O presente Programa entrará en vigor, unha vez aprobado definitivamente e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade, con todo, co sinalado no artigo 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Documento asinado electronicamente.

Contra a Resolución de aprobación, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou o acto notificado, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Soutomaior, na data da sinatura electrónica que figura na marxe.

O ALCALDE,

Manuel A. Lourenzo Sobral



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

 SOUTOMAIOR CONCELLO	ANEXO I SOLICITUDE PARA A FORMACIÓN DUNHA NOVA COLONIA FELINA
1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	
Nome _____ NIF _____ Enderezo _____ C.P. _____ Localidade _____ Provincia _____ Tfno/Ttf.móbil _____ Correo electrónico _____ _____	
DATOS DAS PERSOAS QUE DESEXAN SER VOLUNTARIAS DA COLONIA	
Nome: _____ NIF: _____ Tlfn: _____ _____	
DATOS DA COLONIA QUE SE SOLICITA	
- Enderezo: _____ - Coordenadas: _____ - Parcela pública/privada: _____ - Número de gatos: - o Femias totais _____ Esterilizadas: _____ - o Machos totais _____ Esterilizados: _____ - o Presenza de gatos domésticos ou con posibilidade adopción: _____ - o Estado de saúde, se se observan animais con síntomas de enfermidade descríbaos: _____ _____	
<i>O Concello de Soutomaior, coñecida unha posible futura colonia cuxa autorización fora solicitada e con posibilidades de ser autorizada, analizará a solicitude, visitará a situación e consultará o que considere convinte para decidir autorizala.</i>	




Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

Deber de informar aos interesados sobre Protección de Datos:**Información básica sobre protección de datos***Responsable Concello de Soutomaior**Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.**Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.**Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.**Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.**Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección <https://soutomaior.sedelectronica.es/privacy>***Sinatura:**

☐ PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Sinatura



En Soutomaior a _____ de _____ de 20____

Asdo: O/A solicitante.

RESOLUCIÓN**Apta**☐**Non apta**☐**Data** _____

Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

 SOUTOMAIOR CONCELLO	ANEXO II SOLICITUDE DE PERSOA COIDADORA AUTORIZADA
1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE Nome _____ NIF _____ Enderezo _____ C.P. _____ Localidade _____ Provincia _____ Tfno/Ttf.móbil _____ Correo electrónico _____ _____	
MANIFESTA • Que se ofrece voluntario/a para xestionar as colonias felinas que lle sexan asignadas, sendo colaborador/a autorizado/a • Que se compromete a cumprir co Programa de Xestión de Colonias Felinas e a seguir as instrucións do Concello en todo momento. Por todo elo SOLICITA Ser nomeado colaborador/a autorizado/a para a xestión e control de colonias felinas.	
Deber de informar aos interesados sobre Protección de Datos: Información básica sobre protección de datos Responsable: Concello de Soutomaior Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas. Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade. Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países. Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional. Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección https://soutomaior.sedelectronica.es/privacy Sinatura: ☐ PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables Sinatura En Soutomaior a _____ de _____ de 20____	



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

		ANEXO III MODIFICACIÓN DO CENSO DE ANIMAIS DE COLONIAS FELINAS MUNICPAL. MES_____ANO_____				
Núm. Colonia: _____						
Voluntario:_____						
NUM. ANIMAIS						
Mes anterior		Nacidos novos	Falecido s	Dados en adopción	Entregados a propietarios	TOTAIS
Machos						
Femias						
NUM. ANIMAIS ESTERILIZADOS						
	Mes Anterior	Mes Actual	TOTAL			
Machos						
Femias						
PRESENZA DE NOVOS FELINOS ADULTOS NA COLONIA						
	Mes Actual	Raza	Capa	Imaxe		
Macho						
Femia						
Outros:						



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

 SOUTOMAIOR CONCELLO	ANEXO IV AUTORIZACIÓN PARA A UBICACIÓN DUNHA COLONIA FELINA NUNHA PARCELA PRIVADA
1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE Nome _____ NIF _____ Enderezo _____ C.P. _____ Localidade _____ Provincia _____ Tfno/Ttf.móbil _____ Correo electrónico _____	
AUTORIZO • Ao Concello de Soutomaior para o establecemento, nunha parcela da miña propiedade, dunha colonia felina autorizada. • Aos/as voluntarios/as inscritos no Programa de Xestión de Colonias Felinas para a alimentación e colación de gaiolas de captura e de contención para poder levar a cabo a labor de Captura, Esterilización e Solta. Esta autorización ten carácter indefinido, mentres non se presente oposición fidedigna do propietario/a que deberá dirixirse por escrito á Concellería competente do Concello de Soutomaior cunha antelación mínima dun mes. En todo caso a autorización manterase vixente o tempo preciso ata atopar unha situación alternativa. Previos os oportunos informes técnicos e establecido o protocolo de actuación para os/as voluntarios/as das colonias, unha vez creada a colonia, será incluída no censo de colonias felinas intervidas en Soutomaior, que deberá ser aprobado por Resolución de Alcaldía.	
Deber de informar aos interesados sobre Protección de Datos:	
Información básica sobre protección de datos Responsable: Concello de Soutomaior Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas. Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade. Destinatarios Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países. Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional. Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na	



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

seguinte dirección <https://soutomaior.sedelectronica.es/privacy>

☐ PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Sinatura



En Soutomaior a _____ de _____ de 20____



Venres, 5 de xuño de 2026

Núm. 106

 SOUTOMAIOR CONCELLO	LIBRO DE REXISTRO DE INTERVENCIÓNS EN COLONIAS FELINAS. Acta de inspección proxecto CER
--	--

Data: _____

Nome inspector _____

Núm. Colonia: _____

Localización colonia: _____

Outros: _____

Inspección in situ: SI NO

- ☐ Os animais vense sans
- ☐ Aumentaron en número os puntos de alimentación e acubillo
- ☐ A zona está limpa
- ☐ Hai auga e comida continuamente a disposición
- ☐ Hai gatos cachorros
- ☐ Hai gatos sen esterilizar
- ☐ Conversación presencial co/a voluntario/a coidador/a SI NO
- ☐ O número de gatos coincide co último censo
- ☐ O/a voluntario/a usa a acreditación
- ☐ Xurdiron conflitos veciñais
- ☐ Xurdiron conflitos con voluntarios/as

Firma inspector/a:

